

Nome: _____

Data: _____

O APALPADOR

O Apalpador é un carboeiro xigante de barba vermella coma o lume, que vive nalgúns bosques de Galicia. Traballa facendo carbón e aliméntase con castañas, noces... e dos animais que el mesmo caza.

O Apalpador baixa das montañas na noite do 31 de decembro, a noite do Ano Vello.

O Apalpador palpa as barrigas ás meniñas e meniños e se ve que as barriguiñas están cheas e non pasaron fame, dille:

- Así, cheo ou delgado, así esteas todo o ano.

Despois, deixa unha presiña de castañas para que non pase fame durante todo o ano e uns agasallos feitos por el mesmo.



1.- Cal é o traballo do Apalpador?

2.- Onde vive o Apalpador?

3.- De que se alimenta?

4.- Que día baixa das montañas o Apalpador?

5.- Que lle di aos nenos e nenas despois de tocarlles a barriguiña?

6.- Que lles deixa aos nenos e nenas?


Nome: _____

Data: _____

O APALPADOR

ENCRUCILLADO

1		A							
2		P							
3		A							
4		L							
5		P							
6		A							
7		D							
8		O							
9			R						



HORIZONTAIS _____

- 1.- Oficio do Apalpador.
- 2.- Cantidade de castañas que lle dá aos meniños e meniñas.
- 3.- Parte do corpo que palpa o Apalpador.
- 4.- A barba do Apalpador é vermella coma o...
- 5.- Que fai o apalpador coa barriga dos meniños e meniñas?
- 6.- Froitos secos que come o Apalpador.
- 7.- Mes do ano no que baixa o Apalpador das montañas.
- 8.- Sitio onde vive o Apalpador.
- 9.- Cor da súa barba.

Nome: _____

Data: _____

O APALPADOR

UN MÓBIL

Coloea cada parte do apalpador, recórtao, pica os furados e monta as pezas con encadernadores.

